



# GUÍA DE SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MASTER

*Edita:*

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade, s/n  
CIFP Compostela 5ª planta  
15702 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 173 Fax: 981 534 174

E-mail: [acsug@acsug.es](mailto:acsug@acsug.es)

Página Web: [www.acsug.es](http://www.acsug.es)

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o seu título e á "Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia" como editora.

ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA



ACSUG está incluída en EQAR



ACSUG é membro de ECA



ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. O Sistema de Xestión Medioambiental está verificado positivamente segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).



ACSUG cumpre coa lexislación vixente en relación á protección de datos



**ÍNDICE**

1.- INTRODUCCIÓN .....	Páx. 4
2.- PROPÓSITOS DO SEGUIMENTO .....	Páx. 5
3.- OBXECTO E ALCANCE DO SEGUIMENTO .....	Páx. 6
4.- DIMENSIÓNS DA AVALIACIÓN DO SEGUIMENTO .....	Páx. 7
5.- PROCESO DE SEGUIMENTO .....	Páx. 11
<b>ANEXOS:</b>	
<b>ANEXO I:</b> AUTOINFORME DE SEGUIMENTO ANUAL DO TÍTULO .....	Páx. 16
<b>ANEXO II:</b> PLAN DE MELLORAS .....	Páx. 29
<b>ANEXO III:</b> INFORMACIÓN MÍNIMA A PUBLICAR DO TÍTULO .....	Páx. 31
<b>ANEXO IV:</b> INFORME PROVISIONAL/FINAL DE SEGUIMENTO DA ACSUG .....	Páx. 33
<b>ANEXO V:</b> PLANIFICACIÓN DO SEGUIMENTO .....	Páx. 38
<b>ANEXO VI:</b> DEFINICIÓN E CÁLCULO DAS TAXAS .....	Páx. 40

## 1.-INTRODUCCIÓN

Tal e como recolle o artigo 27 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, unha vez iniciada a implantación das ensinanzas correspondentes aos títulos oficiais inscritos no "Registro de Universidades, Centros y Títulos" (RUCT), ANECA e os órganos de avaliación que a Lei das comunidades autónomas determinen, levarán a cabo o seguimento do cumprimento do proxecto contido no plan de estudos verificado polo "Consejo de Universidades".

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, correspóndelle á "Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia" (ACSUG) levar a cabo o proceso de seguimento.

No mesmo artigo 27 establécese que as axencias de calidade universitaria, en colaboración co Ministerio de Educación e as correspondentes comunidades autónomas, elaborarán conxuntamente un protocolo que incluírá a definición dun mínimo de criterios e indicadores básicos comúns para o procedemento de seguimento de plans de estudo.

Dende o 2008 a "Red Española de Agencias de Calidad Universitaria" (REACU)<sup>1</sup> traballou na redacción dun documento "Recomendaciones para el seguimiento de los títulos oficiales" coa idea de poñer a disposición, tanto das propias axencias como das universidades, que son as responsables primeiras do seguimento, unha ferramenta de traballo útil que facilite a toma de decisións para garantir o cumprimento do establecido na norma para o seguimento dos títulos. Este documento desenvolveuse nun marco xeral, froito da colaboración técnica das axencias reunidas na REACU, para asumir as competencias que a lexislación estatal e, no seu caso, as que a lexislación autonómica lles confire no relativo ao seguimento dos títulos oficiais.

---

<sup>1</sup> A "Red Española de Agencias de Calidad Universitaria" (REACU) está formada polas seguintes axencias:

"Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari a Catalunya" (AQU)  
"Agencia Andaluza del Conocimiento" (AAC)  
"Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia" (ACSUG)  
"Agencia para la Calidad del Sistema Universitario de Castilla y León" (ACSUCYL)  
"Agencia Canaria de Calidad Universitaria y Evaluación Educativa" (ACCUEE)  
"Agència de Qualitat Universitària de les Illes Balears" (AQUIB)  
"Agencia de Evaluación de la Calidad y Acreditación" (ANECA)  
"Agencia de Calidad, acreditación y Prospectiva de las Universidades de Madrid" (ACAP)  
"Agencia de Evaluación de la Calidad y Acreditación del Sistema Universitario Vasco" (UNIBASQ)  
"Agencia de Evaluación de la Calidad y Prospectiva de Aragón" (ACPUA)  
"Agència Valenciana d'Avaluació i Prospectiva" (AVAP)

O 29 de xuño de 2010, a "Comisión Universitaria Reguladora del Seguimiento y la Acreditación" (CURSA)<sup>2</sup> aproba o "Protocolo para el seguimiento y la renovación de la acreditación de los títulos universitarios oficiales" co obxectivo de converterse na base común das guías e ferramentas elaboradas polos órganos de avaliación das diferentes comunidades autónomas.

O proceso de seguimento da ACSUG adáptase á normativa actual vixente, e considera ademais que ter deseñado e implantado nos centros un Sistema de Garantía da Calidade (SGC) é un factor estratéxico básico para conseguir unha mellora continua dos títulos oficiais e para que as competencias, habilidades e aptitudes dos egresados sexan coñecidas polos empregadores e pola sociedade en xeral.

## 2.- PROPÓSITOS DO SEGUIMENTO

Os propósitos do proceso de seguimento de títulos universitarios oficiais, de acordo coas recomendacións da REACU e da CURSA, son:

- Asegurar a execución efectiva das ensinanzas conforme ao recollido no plan de estudos do título implantado, tal e como consta no "Registro de Universidades, Centros y Títulos" (RUCT) xunto coas modificacións aprobadas polo "Consejo de Universidades" e autorizadas, no seu caso, polas comunidades autónomas.
- Facilitar ás universidades a detección de posibles desviacións ou deficiencias segundo a memoria inicial presentada, no desenvolvemento efectivo dos títulos.
- Axudar ás universidades na identificación de boas prácticas e na toma de decisións para establecer as melloras que son necesarias incorporar no transcurso da implantación do plan de estudos.
- Asegurar a dispoñibilidade da información pertinente e relevante aos diferentes axentes implicados no sistema universitario.

---

<sup>2</sup> Está constituída por: o titular da "Dirección General de Política Universitaria", representantes das Administracións das CCAA de Andalucía, Illas Baleares, Murcia e País Vasco, rectores como representantes do Consello de universidades: Europea de Madrid, Málaga, Pompeu Fabra, Pública de Navarra e Sevilla, representantes das axencias de calidade universitaria: ACSUG, ACPUA, ACSUCyL, ANECA e AQU, dous representantes do "Ministerio de Educación, Ciencia y Deporte" e o titular da "Subdirección General de Coordinación Universitaria".

Con carácter xeral, o seguimento trata de evidenciar os progresos no desenvolvemento do sistema de garantía da calidade tanto no relativo á revisión da aplicación do plan de estudos coma na proposta de accións para mellorar o seu deseño e implantación.

O proceso de seguimento dos títulos aportará información relevante para analizar, de forma global, o grao de adaptación do noso sistema universitario ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

A análise da información pública e do autoinforme de seguimento anual de cada título elaborado pola universidade, permitirá á ACSUG desenvolver accións para responder ás necesidades formuladas polas universidades, ademais de facilitar información útil aos estudantes e á sociedade en xeral.

### **3.- OBXECTO E ALCANCE DO SEGUIMENTO**

O proceso de seguimento é de aplicación a todos os títulos oficiais implantados nas universidades do SUG.

Non se realizará o seguimento dos títulos que estean en proceso de extinción. A universidade notificaralle á ACSUG os títulos que se atopen nesta situación.

O seguimento comprende o período que abarca dende o momento da implantación do título ata o momento en que deba someterse á avaliación para renovar a súa acreditación, comezando de novo o ciclo tras a dita renovación.

Anualmente, ACSUG realiza o seguimento dos títulos segundo a planificación do Anexo V.

Neste proceso revísase, ademais da información pública do título, a seguinte documentación:

1. A memoria vixente do título que debe incluír todas as modificacións realizadas.
2. O informe de verificación e, no seu caso, os informes das modificacións autorizadas.
3. Os autoinformes de seguimento anuais dos títulos elaborados pola universidade e os plans de mellora anuais derivados destes.
4. Os informes finais de seguimento dos títulos elaborados pola Axencia.

#### 4.- DIMENSIÓN DA AVALIACIÓN DO SEGUIMENTO

O proceso de seguimento require analizar **tres dimensións**:

- 1. Información pública.** Valorarase a información relevante que a universidade fai pública de cada un dos títulos.
- 2. Cumprimento do proxecto establecido.** Valorarase a reflexión realizada polo título, debidamente argumentada e apoiada en datos e resultados, sobre a súa implantación, o establecemento de boas prácticas<sup>3</sup>, a detección de desviacións e as propostas de mellora establecidas para solventales e, de ser o caso, unha breve descrición das modificacións debidamente xustificadas<sup>4</sup>
- 3. Accións levadas a cabo ante as recomendacións establecidas nos diferentes informes finais.** Valoraranse as accións levadas a cabo polo título para dar resposta ás recomendacións de mellora establecidas nos informes de verificación, de modificacións autorizadas e de seguimento.

En cada unha das dimensións recóllense aqueles aspectos mínimos que serán obxecto de avaliación e nos que o título debe/pode apoiar a súa reflexión. Asimesmo, inclúense unha serie de evidencias e indicadores como referencias para realizar a análise.

Os aspectos contidos en cada dimensión non constitúen unha listaxe pechada, senón unhas pautas para guiar a reflexión e posterior avaliación. Isto implica que, tanto o título como as comisións de avaliación poden entrar a valorar calquera outro aspecto que se considere relevante para o título en cuestión e que non estea incluído nas ditas dimensións.

---

<sup>3</sup> Proyecto, programa, técnica o medio de gestión, que cumple las siguientes características: genera un impacto positivo en el título, podría ser replicado en el resto de los títulos, implica un aprovechamiento eficaz de las oportunidades, demuestra creatividad en su enfoque de un problema, implica efectividad de los recursos...)

<sup>4</sup> Inclúranse as modificacións substanciais e non substanciais derivadas do seguimento do título do último curso académico, de acordo co *Procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de grao e master* <http://www.acsug.es/sites/default/files/Gu%C3%ADa%20Modificaci%C3%B3n%20.pdf>

**DIMENSIÓN 1. INFORMACIÓN PÚBLICA**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados neste (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese). A información mínima relevante a publicar do título está recollida no anexo I.

A universidade debe publicar, na súa páxina web:

- **Información relevante do título.**
- **Información referida ás taxas de graduación, abandono, eficiencia, rendemento e éxito, aos indicadores incluídos no SGC e aos indicadores de empregabilidade ou inserción laboral.**
- **Información derivada da implantación do SGC.**

**Na valoración da información pública terase en conta:**

- o A publicación de información suficiente e relevante sobre as características do título, o seu desenvolvemento e os resultados acadados.
- o Que a información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada e as súas posteriores modificacións.
- o Que se garante un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

**A análise baséase en:**

**Evidencias:**

- \* Páxina Web do título/centro/universidade.
- \* Informes e documentos públicos onde se recollan e se fan públicos os principais resultados do título.

**DIMENSIÓN 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme ao establecido na memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha adquisición correcta das competencias dos estudantes. Unha vez realizada a valoración e a reflexión de cada un dos criterios, incluíranse as boas prácticas detectadas, as propostas de mellora, así como, se é o caso, as modificacións que se deben facer no título para desenvolver as melloras establecidas.

**Aspectos que o título debe/pode ter en conta á hora de realizar á reflexión:**

**1. DESCRICIÓN DO TÍTULO**

- o Tipo de ensinanza
- o Réxime de estudos
- o Número de prazas de novo ingreso ofertadas
- o Idiomas nos que se imparte o título
- o Relación oferta/demanda

**2. XUSTIFICACIÓN**

- o Interese actual do título
- o Contacto cos organismos cos que se fixeron as consultas externas
- o Demanda do título

**3. COMPETENCIAS**

- o Adquisición das competencias recollidas na memoria do título
- o Adquisición das competencias se o título se imparte en varias modalidades
- o Cómo se está a comprobar a adquisición das competencias
- o Satisfacción dos diferentes grupos de interese sobre a adquisición de competencias

**4. ACCESO E ADMISIÓN DE ESTUDANTES**



**DIMENSIÓN 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO**

- o Mecanismos de captación e acollida de estudantes
- o Perfil de ingreso recomendado e perfil de ingreso real do estudantado matriculado no título e adecuación co perfil de ingreso recollido na memoria de verificación
- o Satisfacción dos diferentes grupos de interese en relación ao acceso e admisión
- o Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso)
- o Complementos formativos, en canto á función que cumpren de nivelación e adquisición de competencias e coñecementos, en función da formación previa acreditada polo estudante.

**5. PLANIFICACIÓN DAS ENSIANZAS**

- o Estrutura do programa formativo: denominación de módulos/materias, créditos, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo, desenvolvemento de actividades, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, etc.
- o Coordinación intercentros/interuniversidades
- o Coordinación horizontal e vertical
- o Desenvolvemento do traballo fin de grao/máster
- o Desenvolvemento das prácticas externas
- o Mobilidade do estudantado
- o Satisfacción dos diferentes grupos de interese co desenvolvemento da planificación das ensinanzas

**6. RECURSOS HUMANOS**

- o Adecuación do profesorado que imparte docencia no título. No caso dos centros adscritos: evolución do número de doutores
- o Adecuación doutros recursos humanos dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos
- o Comparación, análise e realización das melloras oportunas, se fose o caso, da situación actual e o incluído na memoria de verificación
- o Satisfacción dos diferentes grupos de interese cos recursos humanos
- o Mobilidade do profesorado
- o Resultados dos procesos de avaliación do persoal académico: programa DOCENTIA ou similares

**7. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS**

- o Adecuación dos recursos materiais, infraestruturas e servizos ao título
- o No caso de ensinanzas semipresencial ou virtual, adecuación dos recursos materiais e servizos (videoconferencia, novas tecnoloxías, etc.)
- o Comparación, análise e realización das melloras oportunas, se fose o caso, da situación actual e o incluído na memoria de verificación
- o Actualización dos convenios para a realización das prácticas externas
- o Satisfacción dos diferentes grupos de interese cos recursos materiais e servizos

**8. RESULTADOS**

- o Resultados de aprendizaxe: valoración sobre a adquisición das competencias
- o Análise sobre o perfil de egreso
- o Taxas de rendemento, abandono, eficiencia, graduación e éxito (taxas por título/materias). Téñense en conta os resultados para a mellora e a revisión do plan de estudos.
- o Outras taxas que o título fai públicas (SGC). Téñense en conta os resultados para a mellora e a revisión do plan de estudos.
- o Análise de suxestións e reclamacións. Téñense en conta os resultados para a mellora e a revisión do plan de estudos.
- o Resultados de inserción laboral. Téñense en conta os resultados para a mellora e revisión do plan de estudos.
- o Satisfacción dos diferentes grupos de interese cos resultados

**9. SISTEMA DE GARANTÍA DA CALIDADE**

- o Análise do grao de implantación do SGC
- o Coordinación na implantación do SGC en títulos intercentros/interuniversidades: coordinación a través dunha comisión de calidade intercentro/interuniversidade
- o Revisións, actualizacións e melloras realizadas ao SGC

**10. CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN**

- o Incidencias no desenvolvemento do calendario previsto

**A análise baséase en:****Evidencias:**

- \* Memoria vixente do título
- \* Plan de ordenación docente do título
- \* Curso de adaptación ao grao
- \* Estudantes que participan en programas de mobilidade: propios e de acollida
- \* Documentación, informes ou actas de reunións de coordinación
- \* Informes de prácticas externas
- \* Aplicación dos resultados da análises do perfil de ingreso dos estudantes de primeiro curso e do curso de adaptación
- \* Complementos formativos cursados polos estudantes
- \* Informes e documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso real dos estudantes do título

**DIMENSIÓN 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO**

- \* Informes e documentos onde se recolla información sobre o recoñecemento de créditos
- \* Horarios
- \* Plans de mellora
- \* Documentación do SGC (manual e procedementos) e evidencias da súa implantación
- \* Informes sobre a atención as suxestións e reclamacións
- \* Información sobre o profesorado e persoal de apoio (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)
- \* Plans de formación do profesorado e persoal de apoio e participación nos mesmos
- \* Resultados dos procesos de avaliación do persoal académico: programa DOCENTIA ou similares
- \* Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
- \* Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
- \* Servizo de orientación académica e profesional (Plan de acción tutorial)
- \* Servizos de atención ao estudante
- \* Aplicación dos programas de acollida e de apoio
- \* Convenios en vigor cos centros para a realización de prácticas externas
- \* Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten un aprendizaxe a distancia
- \* Probas de avaliación realizadas en cada unha das materias
- \* Traballos fin de grao/máster
- \* Mecanismos utilizados para el análisis de la adquisición de las competencias
- \* Análise dos resultados obtidos e cómo estes se teñen en conta para a revisión e mellora do plan de estudos

**Indicadores:**

- \* Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
- \* Evolución de estudantes matriculados en cada curso académico
- \* Relación entre demanda e prazas ofertadas
- \* Resultados das enquisas de satisfacción dos axentes implicados coa organización e desenvolvemento do título
- \* Resultados dos indicadores que integran o SGC
- \* Evolución dos indicadores de mobilidade do estudantado e profesorado
- \* Resultados e evolución das taxas de graduación, abandono, eficiencia, éxito e rendemento
- \* Resultados e evolución das taxas de avaliación das distintas materias
- \* Resultados e evolución dos indicadores de inserción laboral
- \* Duración media dos estudos
- \* Distribución do alumnado por grupos
- \* Porcentaxe e resultados do profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares
- \* Indicadores do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

**DIMENSIÓN 3. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NOS DIFERENTES INFORMES FINAIS**

Incluír as accións levadas a cabo polo título en relación as recomendacións establecidas nos diferentes informes finais: verificación, modificacións, se os houberse, e informes de seguimento. Este apartado da resposta á necesidade de revisar, ao longo do proceso de seguimento, aqueles aspectos que figuran, no informe final de verificación, como obxecto de especial revisión. A finalidade é comprobar que o título garante o especificado na memoria presentada para a verificación.

**Aspectos que o título debe/pode ter en conta á hora de realizar á reflexión:**

- o Dar resposta ás recomendacións dos informes de verificación/modificacións/seguimento. Indicar as actuacións realizadas e/ou as previstas.
- o Seguimento das propostas iniciadas en cursos anteriores para dar resposta ás recomendacións.

**A análise baséase en:****Evidencias:**

- \* Memoria vixente do título

**DIMENSIÓN 3. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NOS DIFERENTES INFORMES FINAIS**

- \* Informe de verificación
- \* Informes de modificacións
- \* Informes de seguimento
- \* Plans de mellora

## 5.- PROCESO DE SEGUIMENTO

O proceso de seguimento dos títulos universitarios oficiais, de acordo coas recomendacións da REACU e da CURSA, leva consigo a realización dunha serie de informes, tanto por parte da universidade como por parte da ACSUG. O proceso recóllese de forma gráfica ao final deste apartado.

En primeiro lugar, a universidade elabora un autoinforme de seguimento anual de cada un dos títulos implantados seguindo o Anexo I, que envía á ACSUG no mes de novembro; o curso a avaliar é o rematado no mesmo ano natural da entrega do informe.

Ademais deste autoinforme, a universidade elabora un plan de melloras de cada título, conforme ao Anexo II ou calquera outro formato establecido no SGC. No caso de que exista información restrinxida nos plans de mellora debe facerse público un resumo destes coa información relevante para todos os grupos de interese.

A continuación ACSUG analiza a información pública dos títulos (Anexo III) e a información aportada no autoinforme.

Froito desa análise emítese un informe individualizado (Anexo IV) de cada un dos títulos obxecto de seguimento, que recolle os datos da universidade e do título en cuestión e a valoración motivada do resultado do seguimento (conforme ou non conforme). De cada unha das dimensións indicaranse as fortalezas e as oportunidades de mellora. Este informe terá carácter provisional e será remitido á universidade para a presentación de alegacións ao seu contido no prazo de 20 días naturais.

Unha vez rematado o prazo de alegacións, ACSUG elabora e remite os informes finais á universidade. No caso de detectar deficiencias que supoñan un grave perigo para a calidade mínima esixible do título, ACSUG remitiralle un informe á universidade, á Comunidade


Autónoma e ao “Consejo de Universidades” co fin de que se proceda conforme ao establecido no marco normativo vixente.


Finalmente, ACSUG elabora e fai público un informe global cos resultados do proceso de seguimento.

Rematado o proceso de seguimento, a Axencia revisará e actualizará os documentos de seguimento para incluír as melloras que foran necesarias.

Para o desenvolvemento deste proceso, ACSUG conta co apoio de comisións de avaliación formadas por expertos externos de recoñecido prestixio. As ditas comisións están compostas por vogais académicos, profesionais e estudantes, seguindo os criterios de nomeamento establecidos, para o efecto, pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA).

ACSUG a través destas comisións realiza, como mínimo, unha avaliación do seguimento de cada título dentro do período comprendido entre a súa implantación e o momento en que deba someterse á avaliación para renovar a súa acreditación. Como excepción poderán ser obxecto de avaliación outros títulos que, ou ben nos sucesivos informes de seguimento se detectaran desviacións que supoñan un grave perigo para a calidade mínima esixible do título implantado, ou ben a petición propia da universidade, previo acordo coa Axencia.





# ANEXOS

**ANEXO I: AUTOINFORME DE SEGUIMENTO ANUAL DO  
TÍTULO**



DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	
Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC)	
Rama de coñecemento	
Universidade solicitante	
Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto	
Centro/s onde se imparte o título	
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	
Responsable do título	
Correo electrónico do responsable do título	
Curso de implantación do título	
Data última acreditación	
Órgano responsable da elaboración do informe anual de seguimento	
Órgano responsable da aprobación do informe anual de seguimento	

1. INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DE CADA UN DOS SEUS TÍTULOS	
Páxina web Universidad/Centro/Título...	

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
1. Descrición do título							
<i>Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio <sup>5</sup>							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
BOAS PRÁCTICAS <sup>6</sup> :							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :							

<sup>5</sup> **Niveis de valoración:**

\* **Satisfactorio (A):** existen evidencias documentais que apoian a presunción dunha realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. Ademais desenvólvense dun xeito eficaz, medible e de acordo a unhas responsabilidades perfectamente definidas.

\* **Suficiente (B):** existen evidencias documentais acerca da realización de actividades relacionadas co elemento que permiten supoñer que, polo menos, nos seus aspectos básicos se desenvolven de maneira recorrente e ordenada, aínda que existan aspectos secundarios non contemplados.

\* **Insuficiente (C):** existen evidencias puntuais da existencia de contidos relacionados coa cuestión formulada polo elemento pero non se axustan, na súa totalidade, aos criterios establecidos, non están correctamente definidos ou non se formulan de maneira sistemática.

\* **Ausencia de evidencias documentais (D):** non existen evidencias documentais sobre o cumprimento da cuestión formulada polo elemento ou as que existen son inadecuadas.

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
2. Xustificación							
<i>Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
3. Competencias							
<i>Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
4. Acceso e admisión de estudantes							
<i>Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
5. Planificación das ensinanzas							
<i>Valorase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e as directrices de "Planificación da enseñanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de enseñanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
6. Recursos humanos							
<i>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
7. Recursos materiais e servizos							
<i>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							



2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
8. Resultados previstos							
<i>Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
9. Sistema de garantía da calidade							
<i>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e o Sistema de Garantía da Calidade (SGC) do Centro.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
10. Calendario de implantación							
<i>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							

<b>3. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN, DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO</b>	
<b>INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN</b>	
<b>Recomendacións establecidas no informe final</b>	<b>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</b>
<b>INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS</b>	
<b>Recomendacións establecidas no informe final</b>	<b>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</b>
<b>INFORMES DE SEGUIMIENTO (indicar o ano)</b>	
<b>Recomendacións establecidas no informe de seguimento</b>	<b>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</b>

## **ANEXO II: PLAN DE MELLORAS**

<b>CRITERIO:</b>	
Denominación da proposta	
Punto débil detectado	
Ámbito de aplicación	
Responsable da súa aplicación	
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	
Período de execución	
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	
Indicadores de execución	
<b>Observacións</b>	
<b>A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)</b>	
Nivel de cumprimento	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

**ANEXO III: INFORMACIÓN MÍNIMA A PUBLICAR DO  
TÍTULO**

INFORMACIÓN PÚBLICA
Denominación do título
Número de créditos e duración do título
Centro responsable do título ou, no seu caso, departamento ou instituto
Coordinador/a e/ou responsable do título
Centro/s onde se imparte o título
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidad/es participante/s
Tipo de ensinanza
Número de prazas de novo ingreso ofertadas
Idiomas en que se imparte o título
Saídas profesionais/Profesións reguladas para as que capacita/Perfil de egreso
Normativa de permanencia
Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos
Memoria vixente do título
Obxectivos do título
Competencias xerais
Competencias específicas
Criterios de acceso e admisión
Procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso
Plan de acción titorial
Perfil de ingreso recomendado
Condições ou probas de acceso especiais, se existen
Programas de mobilidade
Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe <sup>7</sup>
Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso
Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo
Horarios
Guías docentes/Programación docente <sup>8</sup>
Traballo fin de grao/máster (Comisión, convocatorias, etc.)
Información sobre as prácticas externas, se as houbera (entidades colaboradoras,...)
Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto,...)
Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos
Aulas e seminarios
Laboratorios
Salas de informática
Salas de estudo
Biblioteca
Outros servizos dispoñibles
Espazos para os representantes de estudantes
Taxa de graduación
Taxa de abandono
Taxa de eficiencia
Taxa de rendemento
Taxa de éxito
Taxas de inserción laboral
Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docencia)
Órgano responsable do sistema de garantía da calidade do título
Política e obxectivos de calidade
Manual e procedementos do SGC

<sup>7</sup> Curso ponte: centro/s en que se imparte, número de prazas ofertadas, criterios acceso e admisión, probas de acceso se existen, información previa á matriculación, número de créditos do curso, itinerarios formativos, transferencia e recoñecemento de créditos, modalidades de impartición, normativa de permanencia, guías docentes das asignaturas a cursar.

<sup>8</sup> Tipo de asignatura, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idioma en que se imparte.



**ANEXO IV: INFORME PROVISIONAL/FINAL DE SEGUIMIENTO  
DA ACSUG**



**1. INFORMACIÓN PÚBLICA****FORTALEZAS DETECTADAS:****OPORTUNIDADES DE MELLORA:**

**2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO****FORTALEZAS DETECTADAS:****OPORTUNIDADES DE MELLORA:**

**3. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NOS DIFERENTES INFORMES FINAIS**

## **ANEXO V: PLANIFICACIÓN DO SEGUIMIENTO**

PLANIFICACIÓN DO SEGUIMENTO						
TÍTULO	CURSO					
	[X-(X+1)]	[(X+1)-(X+2)]	[(X+2)-(X+3)]	[(X+3)-(X+4)]	[(X+4)-(X+5)]	[(X+5)-(X+6)]
GRAO	1º Curso Implantación (Setembro/X)	2º Autoinforme de seguimento (Novembro/X+2)	3º Autoinforme de seguimento (Novembro/X+3)	4º Autoinforme de seguimento (Novembro/X+4)	5º Autoinforme de seguimento (Novembro/X+5)	6º Autoinforme de seguimento (Novembro/X+6)
	1º Autoinforme de seguimento (Novembro/X+1)		Avaliación expertos externos ACSUG (X+3)			Renovación Acreditación (X+6) +2 (Moratoria da primeira renovación RD 534/2013)
MÁSTER	1º Curso Implantación (Setembro/X)	2º Autoinforme de seguimento (Novembro/X+2)	3º Autoinforme de seguimento (Novembro/X+3)	4º Autoinforme de seguimento (Novembro/X+4)		
	1º Autoinforme de seguimento (Novembro/X+1)	Avaliación expertos externos ACSUG (X+2)		Renovación Acreditación (Maio/X+4) +2 (Moratoria da primeira renovación RD 534/2013)		

## **ANEXO VI: DEFINICIÓN E CÁLCULO DAS TAXAS**



<b>Código</b>	ISV1	<b>Data de actualización</b>	22-03-2010
<b>Denominación</b>	<b>Taxa de rendemento do título</b>		
<b>Descrición</b>	Para un curso académico X, relación porcentual entre o número de créditos ordinarios superados no título T na Universidade U e o número total de créditos ordinarios matriculados no título T na Universidade U.		
<b>Xustificación</b>	Este indicador aporta información anual sobre a proporción de créditos ordinarios superados polos estudantes con respecto aos créditos ordinarios matriculados, nos diferentes títulos impartidos nas Universidades españolas.		
<b>Forma de cálculo</b>	$ISV1 = (\sum N^{\circ} \text{ de créditos ordinarios superados nun título T na Universidade U no curso académico X} / \sum N^{\circ} \text{ de créditos ordinarios matriculados nun título T nunha Universidade U no curso académico X}) * 100.$		
<b>Características</b>	<b>Periodicidade</b>	Curso académico	
	<b>Fonte de información</b>	Universidade	
	<b>Histórico</b>		
	<b>Forma de representación</b>	Porcentaxe cun decimal	
<b>Nivel de agregación / desagregación</b>	Por Universidade, título e curso académico.		
	Para os diferentes títulos impartidos nas Universidades españolas.		
<b>Exemplo</b>	<p>O número de créditos ordinarios matriculados no curso académico 2013-14 no título de grao de Socioloxía na Universidade Complutense de Madrid foi de 2400.</p> <p>E o número de créditos ordinarios superados en devandito curso académico 2013-14 por tales estudantes foi de 2000.</p> <p>Co que a Taxa de rendemento do título sería: <math>ISV1 = (2000/2400) * 100 = 83,3\%</math></p> <p>É dicir, o 83,3% dos créditos ordinarios matriculados no curso académico 2013-14 no título de grao de Socioloxía na Universidade Complutense de Madrid foron superados.</p>		
<b>Especificacións</b>	Nin nos créditos matriculados nin nos superados se consideran os créditos recoñecidos ou transferidos.		
<b>Interpretación</b>	<p>Este indicador pódese interpretar, curso a curso, como a foto fixa na que se mostra a dificultade/facilidade coa que os estudantes superan as materias nas que se matriculan. Canto máis afastados estean os valores do 100%, indicarán unha maior dificultade dos módulos ou materias ou a necesidade dunha maior monitorización aos estudantes no proceso de matrícula ou unha inadecuada secuenciación dos módulos/materias no plan de estudos.</p> <p>A evolución deste indicador durante o período de implantación pode ser de especial axuda á hora de definir e implementar medidas de mellora.</p>		

<b>Código</b>	ISV2	<b>Data de actualización</b>	22-03-2010
<b>Denominación</b>	<b>Taxa de abandono do título</b>		
<b>Descrición</b>	Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de entrada C matriculados no título T na Universidade U no curso académico X, que non se matricularon no devandito título T nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes de tal cohorte de entrada C que accederon ao mencionado título T o curso académico X.		
<b>Xustificación</b>	Este indicador achega información anual sobre a proporción de estudantes que abandonan o título con respecto aos estudantes inicialmente matriculados.		
<b>Forma de cálculo</b>	$ISV2 = (N^{\circ} \text{ de estudantes de novo ingreso no título T na Universidade U o curso X e que non están matriculados nese título T na Universidade nos cursos X+1 e X+2} / N^{\circ} \text{ de estudantes de novo ingreso no título T na Universidade U o curso X}) * 100$		
<b>Características</b>	<b>Periodicidade</b>	Curso académico	
	<b>Fonte de información</b>	Universidade	
	<b>Histórico</b>	Acumulado a partir de X+2	
	<b>Forma de representación</b>	Porcentaxe cun decimal	
<b>Nivel de agregación / desagregación</b>	Por Universidade, título e cohorte de entrada		
	Para os diferentes títulos impartidos nas Universidades españolas		
<b>Exemplo</b>	<p>O número de estudantes da cohorte de entrada C no título de Grao en Psicoloxía da UNED o curso 2009-10 foi de 70.</p> <p>E o número de tales estudantes (da cohorte de entrada no título de Grao en Psicoloxía da UNED o curso 2009-10) que non aparecen matriculados nese título na Universidade nos cursos 2010-11 e 2011-12 foi de 10.</p> <p>Co que a Taxa de abandono do título para a cohorte de entrada do curso 2009-2010 sería: <math>ISV2 = (10/70) * 100 = 14,3\%</math></p> <p>É dicir, o 14,3% dos estudantes de novo ingreso no título de Grao en Psicoloxía da UNED no curso 2009-10, abandonaron o devandito título no transcurso dos dous cursos posteriores á matrícula.</p>		
<b>Especificacións</b>	<p>O cálculo analiza a evolución anual da cohorte de entrada considerada.</p> <p>Este indicador calcúlase en X+1 e X+2 para poder anticipar o seguimento do título.</p> <p>Por exemplo, no caso dun grao de 240 ECTS, no X+5 dispoñeráse do indicador tal como se recolle no anexo 1 do Real Decreto 861/2010.</p> <p>Non se considerarán abandonos aqueles estudantes graduados no título T.</p>		
<b>Interpretación</b>	Este indicador mostra ano a ano a porcentaxe ligada ao abandono nos tres primeiros cursos de permanencia dos estudantes nun mesmo plan de estudos. Valores elevados deste indicador deberan motivar unha análise de onde (e por que) se produce este abandono, para poder adoptar as medidas correctoras oportunas. Por exemplo, este abandono podería acontecer ao finalizar o primeiro curso de permanencia no plan de estudos e ser consecuencia dunha excesiva dificultade deste.		

<b>Código</b>	ISV3	<b>Data de actualización</b>	22-03-2010
<b>Denominación</b>	<b>Taxa de eficiencia dos graduados do título</b>		
<b>Descrición</b>	Relación porcentual entre o número total de créditos nos que deberon matricularse os estudantes graduados dunha cohorte de graduación G para superar un título T nunha Universidade U e o total de créditos nos que efectivamente se matricularon os estudantes graduados dunha cohorte de graduación G nun título T nunha Universidade U.		
<b>Xustificación</b>	Este indicador achega información anual sobre a diferenza entre o número de créditos efectivamente matriculados polos graduados con respecto aos créditos nos que se debesen matricular estes.		
<b>Forma de cálculo</b>	$ISV3 = (\sum N^{\circ} \text{ de créditos que debesen ser matriculados nun título T nunha Universidade U pola cohorte de graduación G} / \sum N^{\circ} \text{ de créditos efectivamente matriculados nun título T nunha Universidade U pola cohorte de graduación G}) * 100$		
<b>Características</b>	<b>Periodicidade</b>	Ano académico	
	<b>Fonte de información</b>	Universidade	
	<b>Histórico</b>		
	<b>Forma de representación</b>	Porcentaxe cun decimal	
<b>Nivel de agregación / desagregación</b>	<p>Por Universidade, título e cohorte de graduación.</p> <p>Para os diferentes títulos impartidos nas Universidades españolas.</p> <p>Poderase calcular en función dos créditos matriculados polo alumno.</p> <p>Sería conveniente que a interpretación do dato obtido se fixese considerando os créditos matriculados de máis polos estudantes respecto os que teoricamente se terían requirido para obter o título</p>		
<b>Exemplo</b>	<p>O número de créditos efectivamente matriculados no título de Grao de Dereito na Universidade de Barcelona pola cohorte de graduación das 150 persoas graduadas no 2012-13, foi de 37.500.</p> <p>E é 36.000 o número de créditos dos que se debesen haber matriculado os 150 estudantes graduados en 2012-13 para finalizar os seus estudos nos 4 anos previstos.</p> <p>Co que a Taxa de eficiencia do título sería: <math>ISV3 = ((36000/37500)) * 100 = 96,0\%</math></p> <p>É dicir, o conxunto das persoas graduadas en 2012-13 no título de grao de Dereito na Universidade de Barcelona matricularonse dun número de créditos en termos relativos próximo ao que é necesario para a obtención do título.</p>		
<b>Especificacións</b>	<p>Consideraranse unicamente aqueles estudantes de novo ingreso que se matricularon no título por primeira vez. É dicir, sen ningún crédito recoñecido como consecuencia de traslado de expediente ou de ter cursado outro título.</p> <p>Esta taxa obterase o ano académico seguinte ao de graduación do estudante no título. Entenderase por estudante graduado aquel que superou o número de créditos necesarios para contar co título de referencia.</p> <p>Calcúlase cada ano académico para os graduados dunha mesma cohorte de graduación.</p> <p>Computaranse ata un máximo dos créditos superados precisos para completar o título (é dicir, non entrarán en cómputo todos os créditos superados que excedan o número requirido para a obtención do título).</p>		
<b>Interpretación</b>	Este indicador mostra, en media, o exceso de créditos que se lle require a un estudante para obter o título no que se matricula. Valores deste indicador máis afastados do 100%, mostran unha maior dificultade do plan de estudos, posto que os estudantes se ven obrigados a realizar múltiples matrículas nalgunhas materias do plan de estudos (que debesen ser localizadas para adoptar as medidas de mellora oportunas).		

<b>Código</b>	ISV4	<b>Data de actualización</b>	22-03-2010
<b>Denominación</b>	<b>Taxa de graduación do título</b>		
<b>Descrición</b>	Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de entrada C que superan, no tempo previsto máis un ano, os créditos conducentes a un título T nunha Universidade U e o total dos estudantes de novo ingreso da mesma cohorte C no devandito título T na Universidade U.		
<b>Xustificación</b>	Este indicador achega información anual sobre a proporción de estudantes que conseguen finalizar no tempo previsto máis un ano ( $t+1$ ) un título con respecto aos estudantes matriculados inicialmente, nos diferentes títulos impartidos nas Universidades españolas.		
<b>Forma de cálculo</b>	$ISV4 = (N^{\circ} \text{ de alumnos dunha cohorte de entrada C nun título T nunha Universidade U que conseguen finalizar o devandito título no tempo previsto } +1 / N^{\circ} \text{ de alumnos de novo ingreso dunha cohorte de entrada C nun título T nunha Universidade U}) * 100$		
<b>Características</b>	<b>Periodicidade</b>	Ano académico	
	<b>Fonte de información</b>	Universidade	
	<b>Histórico</b>		
	<b>Forma de representación</b>	Porcentaxe cun decimal	
<b>Nivel de agregación / desagregación</b>	Por Universidade, título e cohorte de entrada		
<b>Exemplo</b>	<p>O número de alumnos da cohorte de entrada de 2010-11 no título de grao de Medicina da Universidade de Navarra foi de 100 alumnos.</p> <p>E o número de tales estudantes (estudantes da cohorte de entrada de 2010-11 no título de grao de Medicina da Universidade de Navarra) que conseguen finalizar o devandito título no tempo previsto máis un ano foi de 90 alumnos.</p> <p>Co que a Taxa de graduación do título sería: <math>ISV4 = (90/100) * 100 = 90,0\%</math></p> <p>É dicir, o 90% da cohorte de entrada de 2010-11 no título de grao de Medicina da Universidade de Navarra, conseguiron finalizar o devandito título.</p>		
<b>Especificacións</b>	<p>Calcúlase cada ano académico para os graduados dunha mesma cohorte de entrada.</p> <p>Entenderase por estudantes de novo ingreso aqueles que, para o título T e a Universidade U, comezaron os estudos dende o inicio.</p> <p>Entenderase por tempo previsto o número de anos académicos contemplados no plan para superar os créditos que compoñen o título (sendo 60 o número máximo de créditos que se permiten como nova matriculación por ano académico).</p>		
<b>Interpretación</b>	Este indicador serve para calibrar o axuste entre o deseño inicial do plan de estudos e a súa implantación ao obxectivo de que os estudantes finalicen os seus estudos nun período de tempo razoable. Canto máis afastados do 100% estean os valores, mostrarán un deseño do plan de estudos menos axustado á formación previa dos estudantes ou unha dificultade maior dos módulos ou materias ou unha planificación inadecuada ou a inadecuación dos procedementos de avaliación das aprendizaxes.		